

# CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
364/2026	A Xunta de Goberno Local	06/03/2026

EN CALIDADE DE SECRETARIO/A DE ESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión celebrada na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo:

## EXPEDIENTE 364/2026. BECAS A DEPORTISTAS TUDENSES 2026

Favorable      Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

## RESOLUCIÓN

A Xunta de Goberno Local ACORDA o seguinte:

**Primeiro:** Aprobación das seguintes bases:

### **BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE BECAS AOS DEPORTISTAS TUDENSES 2026**

#### **PRIMEIRA.- NORMATIVA APLICABLE**

De conformidade coas competencias atribuídas aos concellos polo artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e en aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, así como as normas de carácter regulamentario que a desenvolven (R.D. 887/2006 e Decreto (11/2009), se convocan becas a deportistas do Concello de Tui durante o ano 2026 (entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026).

#### **SEGUNDA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

O obxecto da presente convocatoria o constitúe a concesión de becas a deportistas tudenses do Concello de Tui, co fin de facilitarlles a práctica deportiva e a súa participación nas súas competicións, acadando así valorar a súa especial dedicación ao deporte e, á súa vez, á difusión que realizan da Cidade de Tui en aqueles eventos deportivos de carácter internacional.

Estas axudas serán compatibles con outras axudas, públicas ou privadas, que se concedan para a mesma finalidade, que deberán ser comunicadas ao Concello de Tui.

As becas consistirán nunha cantidade en metálico.

#### **TERCEIRA.- FINANCIAMENTO**





A dotación máxima por deportista será a establecida no cadro de baremación de concesión de becas deportivas (Anexo I – coas condicións indicadas nese anexo). A contía máxima destinada a esta convocatoria é de **QUINCE MIL EUROS (15.000€)**, con cargo aos presupostos do Concello de Tui, para o exercicio 2026 na súa aplicación orzamentaria 2026/1/341.481.03.01.

#### **CUARTA.- PERSOAS BENEFICIARIAS**

Para poder ser incluído/a no Plan de Becas Deportivas para Deportistas Individuais, os/as deportistas que, cumprindo ó prescrito no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, reúnan ademais os seguintes requisitos:

4.1.- Estar empadroad/a no Concello de Tui a data da solicitude e telo estado con anterioridade polo menos dous anos ininterrompidamente dende esa data.

4.2.- Estar en posesión da correspondente licenza federativa do ano 2026, na data de solicitude da presente convocatoria.

4.3.- Ter participado en calquera competición de carácter oficial con recoñecido prestixio a nivel internacional das recollidas na táboa anexo I de baremación.

4.4.- Ser deportista de Alto Nivel Nacional ou Autonómico, ou deportista de Alto Rendemento Nacional, ou non séndoo, haber participado en competicións federadas oficiais internacionais, recollidas na táboa anexo I de baremación.

4.5.- Será indispensable, para optar á concesión da bolsa, ter xustificado a concedida, se é o caso, o ano anterior.

4.6.- Non estar incurso en causa de prohibición do artigo 13.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e artigo 10.2 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

4.7.- Encontrarse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Seguridade Social e co Concello de Tui.

#### **QUINTA.- DOCUMENTACIÓN, FORMALIZACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

5.1.- As solicitudes formalizaranse preferentemente por medios electrónicos, a través do formulario dispoñible na web do Concello de Tui. Tamén poderán presentarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**5.2.- O prazo de presentación das solicitudes rematará o día 16 de outubro de 2026.**

5.3.- As solicitudes achegarán os seguintes documentos de cada un/unha dos/as deportistas propostos/as. No caso de que o/a deportista sexa menor de idade, a responsabilidade ao presentar a documentación será do pai e nai ou titor deste, en calidade de representante.





a/ Copia do Documento Nacional de Identidade.

b/ Copia da Licenza Federativa do ano 2026.

c/ Memoria da actividade deportiva realizada durante o ano 2026 onde quede salientado a participación en torneos ou competicións, dos indicados no punto 4.3 das PERSOAS BENEFICIARIAS, incluíndo orzamento de gastos e ingresos previstos do ano 2026.

d/ Certificado da correspondente Federación Autonómica ou Nacional onde se fagan constar as clasificacións e/ou marcas conseguidas polo deportista durante a tempada.

e/ En caso dos deportistas de Alto Nivel Nacional ou Autonómico, ou de Alto Rendemento Nacional, certificado onde se constate dita condición. E no seu defecto, publicación do BOE ou DOGA, onde quede acreditada dita condición

f/ Certificados de estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Seguridade Social e co Concello de Tui, ou declaración xurada de estar ao corrente desas obrigacións, coa correspondente autorización ao Concello de Tui para a súa comprobación.

g/ Dossier fotográfico que acredite o punto 6.6.

h/ Certificado de conta bancario actualizado.

5.4.- O incumprimento dalgún dos requisitos xerais establecidos nas presentes bases, determinará a exclusión do solicitante para ser beneficiario/a, con preclusión do seu dereito de ser incluído como posible adxudicatario/a da bolsa, así como se lle terá desistido da súa solicitude sen máis trámite.

5.5.- Toda a documentación presentada se entenderá confidencial e de uso reservado do Concello de Tui.

## **SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS**

6.1.- Aceptar a subvención. En caso contrario, deberán renunciar expresa e de forma motivada á mesma, no prazo máximo de 10 días hábiles dende a data de publicación da resolución de concesión da bolsa na sede electrónica do Concello de Tui.

6.2.- Acreditar no momento da solicitude no concello, que se encontra ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, mediante certificación expedida polos citados organismos ou coa presentación da solicitude das citadas certificacións. Esta certificación deberá estar en vigor no momento de efectuar o pago da subvención. Tamén será válida a presentación de declaracións responsables do interesado nos supostos permitidos legalmente.

6.3.- Someterse a cantas actuacións de comprobación e control se consideren necesarias por parte do Concello de Tui, achegando toda a información que lle sexa requirida no exercicio das devanditas actuacións.

6.4.- Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos polo artigo 37 da Lei 38 /2003, Xeral de Subvencións e 33 da Lei de Subvencións de Galicia.





6.5.- Cumprir coa Lei 11/2021, de 28 de decembro, da loita contra o dopaxe no deporte.

6.6.- Levar a imaxe de Tui, ou calquera outra imaxe institucional do Concello de Tui que o concello determine, tanto na súa indumentaria coma nalgún outro elemento susceptible de imaxe, así como dar publicidade da recepción desta beca, a través dos canles de comunicación do propio deportista. O cumprimento deste punto deberá contrastarse con documentación fotográfica.

6.7.- Colaborar coa Concellaría de Deportes naqueles programas deportivos para que sexan requiridos para os efectos de promoción e extensión deportiva.

6.8.- Participar en eventos deportivos con fins benéficos e/ou promocións organizadas e/ou participadas pola Concellaría de Deportes.

6.9.- Achegar informe do desenvolvemento da súa actividade deportiva cada vez que pola Concellaría de Deportes sexa requirido.

### **SÉTIMA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN, ÓRGANO DE INSTRUCCIÓN, COMISIÓN DE AVALIACIÓN E RESOLUCIÓN**

7.1. O órgano encargado da instrución do procedemento será o coordinador deportivo do Concello de Tui que acordará todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación de datos en virtude dos cales debe pronunciarse a resolución.

7.2. Todas as notificacións derivadas das actuacións de instrución se realizarán a través da localización web ([tui.gal](http://tui.gal)) e do taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello.

7.3. Mediante proposta do concelleiro delegado de deportes, publicarase na localización web e taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello a relación provisional das solicitudes presentadas, admitidas e excluídas, con expresión da causa de exclusión e necesidade de subsanación no prazo de tres (3) días hábiles dende o seguinte á publicación. En caso de non emendar a causa de exclusión terase por desistida a solicitude.

7.4. Unha vez transcorridos os prazos de emenda publicarase nos mesmos medios a resolución definitiva de admitidos e de excluídos.

7.5. O órgano instrutor, como órgano instrutor, elaborará un informe previo sobre as solicitudes admitidas que se lle trasladarán á Comisión de Avaliación.

7.6. A Comisión de Avaliación estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: o Concelleiro de Deportes do concello ou persoa en que delegue.

Secretaria/o: un/unha funcionario/a do concello.

Vocais: Un/unha funcionario/a pertencente ó departamento de Intervención.





Un/unha funcionario/a municipal.

7.7. Á vista do informe do instrutor do expediente, da proposta de resolución formulada pola Comisión de Avaliación, o Concelleiro Delegado de Deportes ditará resolución comprensiva dos seguintes extremos:

- Relación de solicitantes aos que se lle concede subvención.
- Contía concedida. (Se a cantidade presupostada fose inferior a suma total das contías merecedoras da obtención de becas, o concelleiro delegado de deportes poderá proceder ao prorrateo proporcional entre os beneficiarios da subvención a vista do informe do instrutor e a proposta da comisión de avaliación).
- Mención expresa de que as restantes solicitudes se entenderán desestimadas.
- Recursos que se poderán interpoñer contra esta resolución e prazo de presentación destes.
- Calquera outra condición particular que deba cumprir o beneficiario.

7.8. A publicación na localización web e no taboleiro de anuncios do Concello substituirá a notificación persoal e producirá os mesmos efectos segundo a Lei 39/2015.

#### **OITAVO.- PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN:**

8.1.- Unha vez notificadas as axudas concedidas, aboaráselles as bolsas ás e aos deportistas recoñecidos como deportistas de alto nivel nacional ou autonómico, ou de alto rendemento nacional.

8.2.- O pagamento efectuarase mediante unha transferencia bancaria á conta aportada na documentación presentada.

8.3.- Para cobrar as becas, as/os deportistas deberán estar ao corrente, no momento do pagamento, das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Seguridade Social e co Concello de Tui.

8.4.- Á hora da concesión das becas ás e aos deportistas deberanse ter en conta as retencións de IRPF, se as houbese.

8.5.- No caso de Deportista de Alto Nivel Nacional ou Autonómico, o de alto rendemento nacional, según o art. 30.7, da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 28.9 da Lei de Subvencions de Galicia, *“As subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación no perceptor (neste caso ter o recoñecemento de Deportista de Alto Nivel Nacional ou Autonómico, ou Deportista de Alto Rendemento) non requirirán outra xustificación que a acreditación por calquera medio admisible en dereito de dita situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controis que puideran establecerse para verificar a súa existencia”*.





8.6.- No caso dos e das deportistas que non teñan o recoñecemento de deportista de alto nivel autonómico ou nacional, ou deportista de alto rendemento nacional, terán que xustificar os seus gastos, do xeito seguinte:

#### 8.6.1. Prazo de xustificación

O prazo de presentación da xustificación será de 10 días hábiles dende a data de publicación da resolución de concesión da bolsa no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

A non presentación da xustificación dentro do prazo levará automaticamente a perda da subvención.

#### 8.6.2 Forma de xustificación

Os beneficiarios acreditarán o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención coa presentación da seguinte documentación no rexistro xeral do concello:

- Modelo: xustificación da subvención

Para a xustificación da realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención haberá que presentar:

- Modelo memoria económica indicando os gastos realizados e os ingresos obtidos, xunto cos documentos xustificativos dos gastos realizados (empregando para elo o modelo conta xustificativa)

Os xustificantes presentados deberán ser por unha contía global igual ou superior ao conxunto de todos os gastos previstos. A xustificación do importe concedido entenderase realizada de forma global, sempre que se realice o proxecto presentado para as que se solicita subvención, de non ser así, reducirase a subvención no importe concedido para esa actividade non realizada.

Os gastos acreditaranse:

a. Con carácter xeral, mediante facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos legalmente que se correspondan a prestacións realizadas durante ó período subvencionable do exercicio 2026. En cumprimento co establecido no artigo 30.3 da Lei Xeral de Subvencións e do 28.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello dilixenciará cada factura facendo constar que a mesma foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención por parte do Concello de Tui. Presentaranse os documentos orixinais. No caso de presentar fotocopias, deberá estenderse a dilixencia antes de facer a copia.

Elementos que deben incluírse nunha factura (segundo o establecido no RD 1619/2012, de 30 de novembro):

- Nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF
- Identificación da entidade, co CIF
- Data de emisión





- Importe total. Se figuran varios artigos é necesario que se desagreguen e se describan os conceptos desagregados

- Debe aparecer o IVE de forma diferenciada, base impositiva, tipo de IVE aplicable e importe total máis o IVE correspondente

As facturas que non conteñan os elementos anteriores, non serán admitidas como xustificante de gasto.

b. Para os gastos de viaxe e dietas, mediante os modelos formalizados, xunto coa factura correspondente así como o xustificante da actividade.

Axuntarase ademais:

- Adeudo bancario ou acreditación inequívoca do pagamento das facturas segundo o establecido nas Bases Xerais Tipo do Concello de Tui (Conter o selo de "Pagado" co asinado e NIF do perceptor).

### 8.6.3. Gastos subvencionables e non subvencionables

#### 8.6.3.a. Gastos Subvencionables:

Se considerarán gastos subvencionables os realizados e efectivamente pagados no ano 2026. Entre eles:

- Gastos de viaxes e dietas (desprazamentos, aloxamento e manutención) cando tendo relación directa co obxecto da subvención, deriven da participación en partidos e/ou competicións oficiais debidamente acreditados pola federación correspondente. Deberá presentarse un calendario de probas ou competicións deportivas, xustificantes de inscrición e folla de resultados ou clasificación. A non presentación destes elementos conlevará a non consideración destes gastos. Terase en conta o seguinte:

· Os gastos de desprazamento, xustificaranse cos billetes de viaxe de calquera medio de transporte público utilizado en clase turista.

· Os gastos de aloxamento, xustificaranse coa factura do hotel, pensión, etc., cun máximo de 65€/día.

· Nos gastos de manutención considerarase xustificable as facturas por tal concepto, cun máximo de 35€/día (almorzo, comida e cena)

- Os gastos de publicidade e información nos medios de comunicación ata un máximo de 300€.

- Os gastos de adquisición de roupa deportiva necesaria.

- Gastos derivados da adquisición de equipamento técnico deportivo para o adestramento e a competición. Este material non poderá ser inventariable.

- Revisións médicas, probas de esforzo, suplementos alimenticios e outros que poidan ser recoñecidos como indispensables para a consecución dos obxectivos deportivos previstos.





#### 8.6.3.b. Gastos non subvencionables:

- Os gastos que non estean directamente vinculados á actividade obxecto de subvención, ou que dificilmente poidan relacionarse coa mesma. Neste sentido terase especialmente en conta os conceptos especificados nas facturas que se entregarán como xustificantes dos gastos.
- Os gastos derivados da adquisición, reparación ou mantemento de bens inmobles; consumo eléctrico, telefónico e similares.
- Os gastos derivados das retencións do Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF), así coma os tributos que sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- Os gastos de investimento.
- Os gastos derivados de produtos farmacéuticos e protésicos.
- Cursos dirixidos á obtención de títulos académicos ou deportivos.

8.7.- A xustificación presentada polos beneficiarios será remitida para a súa fiscalización á Intervención Xeral do Concello de Tui, que poderá comprobar a utilización dos fondos públicos recibidos nas actividades para as que foi concedida a subvención.

8.8.- O Concello de Tui resérvase o dereito de comprobar, polos medios que estime oportunos, que a documentación xustificativa presentada é correcta, quedando obrigado o beneficiario a facilitar canta información lle sexa requirida polo Servizo Xestor e pola Intervención Xeral.

### **NOVENO.- DEVOLUCIÓN E REINTEGRO**

As becas concedidas deberán devolverse e reintegrarse na conta bancaria do concello, amais do suposto no punto 5.4., ao 100%, nos seguintes casos:

- Por obtelas falseando as condicións requiridas.
- Por non aplicalas aos fins para os que foron concedidas.
- Por incumprir a persoa beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

### **DÉCIMO.- RÉXIME SANCIONADOR**

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei Xeral Presupostaria (Lei 47/2003 de 26 de novembro), e no art. 40 Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e demais normas concordantes: Lei Orgánica 2/1982, de 12 de maio, do Tribunal de Contas e Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia.

### **UNDÉCIMO.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA BECA CONCEDIDA**





En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, así como o importe da subvención efectivamente percibida, resolucións de reintegros e sancións impostas, será remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

## **DUODÉCIMO.- DISPOSICIÓN ADICIONAIS**

1º.- A presentación de solicitude de beca leva implícita a autorización ao Concello de Tui para que publique na súa páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui, a relación dos solicitantes e o importe das becas concedidas ou non concedidas, coas excepcións previstas nas leis.

2º.- **PROTECCIÓN DE DATOS.** Segundo o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos persoais e a lexislación vixente ao respecto, infórmase do seguinte:

**RESPONSABLE DO TRATAMENTO:** CONCELLO DE TUI (P3605500B)

**FINALIDADES DO TRATAMENTO:** A xestión necesaria para a asignación da beca descrita.

**LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO:** O cumprimento dunha obrigação legal aplicable ao Responsable (artigo 6.1,c do RXPDP) e o exercicio de poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo 6.1,e do RXPDP). O consentimento da persoa interesada o do seu representante (artigo, 6.1,a do RXPDP e artigo 7.2 da LOPDGDD)

**DESTINATARIOS DOS DATOS:** As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a xestión da súa solicitude;

**PRAZO DE CONSERVACIÓN:** Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas obrigações legais do Responsable;

**EXERCICIO DE DEREITOS:** As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos, a través da sede electrónica ou a Política de Privacidade do Concello de Tui.

**CONTACTO DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS E INFORMACIÓN ADICIONAL:** Formulario de contacto del DPD en sede electrónica ou [dpd@tui.gal](mailto:dpd@tui.gal)

3º.- No que non ven previsto na presente Convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, R. D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Bases Xerais Tipo Reguladoras da Concesión de Subvencións do Concello de Tui e Bases de Execución do Orzamento do Concello para 2026.



ANEXO I - BAREMACIÓN ECONÓMICA EN BECAS DEPORTIVAS - AÑO 2026						
GRUPO / ACT BECADA	RESULTADOS DEPORTIVOS					
<b>GRUPO A</b> 1.800€	Podio Campeonatos do Mundo Absolutos					
<b>GRUPO B</b> 1.500€	Posto 4º ao 9º Campeonatos do Mundo Absolutos	Podio Campeonatos de Europa Absolutos	Podio Copas do Mundo Absolutos	Podio Xogos Mundiais Absolutos		
<b>GRUPO C</b> 1.200€	Participación Campeonato do Mundo Absolutos	4º ao 9º Campeonato de Europa Absolutos	Podio Campeonatos do Mundo categorías non absolutas	Podio Copas de Europa Absolutos	4º ao 9º Copa do Mundo Absolutos	Posto 4º ao 9º Xogos Mundiais Absolutos
<b>GRUPO D</b> 1.000€	Participación Campeonato de Europa Absolutos	4º ao 9º Campeonatos do Mundo categorías non absolutas	Podio Campeonatos de Europa, categorías non absolutas	4º ao 9º Copa de Europa Absolutos		Participación Xogos Mundiais Absolutos
<b>GRUPO E</b> 700€			Participación Campeonato do Mundo categorías non absolutas	4º ao 9º Campeonatos de Europa, categorías non absolutas	Participación Copa do Mundo Absolutos	Podio Campeonatos o Copas Internacionais categoría máster
<b>GRUPO F</b> 500€				Participación Campeonatos de Europa, categorías non absolutas	Participación Copa de Europa Absolutos	

- (1) As competicións han de ser obrigatoriamente de ámbito federativo e oficiais.
- (2) Non absoluta se consideran as categorías de idade: Sub23/Universitario/Primesa/Novenil/Júnior nas súas respectivas federacións.
- (3) Se considera "podio" aos 1º, 2º e 3º clasificados nos Campeonatos de carácter oficial.
- (4) Participación nos distintos campeonatos implican quedar a partir do 10º posto na clasificación xeral final.
- (5) En ningún caso as becas son acumulativas, valorándose os méritos de maior rango no cadro de baremación.
- (6) Tampouco serán acumulativas as becas por logros conseguidos dentro do mesmo grupo do cadro de baremación, na mesma especialidade deportiva.
- (7) A Comisión de avaliación poderá valorar outros resultados equiparables aos establecidos para o ano 2026 que non estean recollidos no cadro de baremación



## BECAS DEPORTISTAS TUI 2026

### 1. DATOS DO SOLICITANTE / REPRESENTANTE

<b>APELIDOS E NOME:</b>		<b>DNI / PASAPORTE:</b>	
<b>NACIONALIDADE:</b>		<b>DATA DE NACEMENTO:</b>	<b>SEXO:</b>
<b>DOMICILIO</b>			
<b>TIPO VIA:</b>	<b>NOME:</b>	<b>Nº:</b>	
<b>CONCELLO:</b>	<b>PROVINCIA:</b>	<b>CÓD. POSTAL:</b>	
<b>TLFNO FIXO/MOBIL:</b>	<b>CORREO ELECTRÓNICO:</b>		
<b>DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE</b>			
<b>APELIDOS E NOME:</b>		<b>DNI / PASAPORTE:</b>	
<b>NACIONALIDADE:</b>		<b>DATA DE NACEMENTO:</b>	<b>SEXO:</b>
<b>MOTIVO DA REPRESENTACIÓN:</b>			
<b>DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS (INDICAR SI É DISTINTO DO ANTERIOR)</b>			
<b>TIPO VIA:</b>	<b>NOME:</b>	<b>Nº:</b>	
<b>CONCELLO:</b>	<b>PROVINCIA:</b>	<b>CÓD. POSTAL:</b>	
<b>TLFNO FIXO/MOBIL:</b>	<b>CORREO ELECTRÓNICO:</b>		

### 2. DOCUMENTACIÓ PRESENTADA

<input type="checkbox"/>	COPIA DO DNI, TANTO DO INTERESADO, COMO DA PERSOA REPRESENTANTE EN CASO DE MENOR.
<input type="checkbox"/>	COPIA DA LICENZA FEDERATIVA DO ANO 2026 DO INTERESADO.
<input type="checkbox"/>	MEMORIA DA ACTIVIDADE DEPORTIVA DO ANO 2026, na que se incluírá Nivel de competición (autonómico, nacional, internacional), categoría de competición (absoluta, previa absoluta..)E ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS previstos do ano 2026.
<input type="checkbox"/>	CERTIFICADO ONDE SE CONSTATE A CONDICIÓ DE DEPORTISTA DE ALTO NIVEL NACIONAL OU AUTONÓMICO, OU DE ALTO RENDEMENTO, OU BOE O DOGA ONDE SE CONSTATE ESTA CLASIFICACIÓ.
<input type="checkbox"/>	CERTIFICADO DA FEDERACIÓ CAS CLASIFICACIÓNS DAS MARCAS ACADADAS NO ANO 2026.
<input type="checkbox"/>	CERTIFICADOS DE ESTAR A CORRENTE DAS SÚAS ÓBRIGAS TRIBUTARIAS COA AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACION TRIBUTARIA, COA AXENDA TRIBUTARIA DE GALICIA, COA SEGURIDADE SOCIAL E CO CONCELLO DE TUI.
<input type="checkbox"/>	DOSSIER FOTOGRAFICO SEGÚN O APARTADO 6.6.
<input type="checkbox"/>	CERTIFICADO DE CONTA BANCARIA

### 3. GRUPO DE ACTIVIDADE BECADA

GRUPO A	GRUPO B	GRUPO C	GRUPO D	GRUPO E	GRUPO F
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

### 4. DECLARACIÓ

A persoa abaixo asinante DECLARA baixo a súa expresa responsabilidade, que son certos cantos datos figuran na presente solicitude, e que:

<input type="checkbox"/>	Non está incurso en ningún dos supostos que impiden obter a condición de beneficiario de subvención por parte da Administración Pública, recollidos no artigo 13 da Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; e artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de Xuño de subvencións de Galicia.
<input type="checkbox"/>	Cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras
<input type="checkbox"/>	Esta empadroadado no Concello de Tui a data da solicitude e telo estado con anterioridade polo menos dous anos dende esa data
<input type="checkbox"/>	Na data da convocatoria non está sancionada por infracción grave o moi grave, que hubiere adquirido firmeza, por dopaxe, conducta antideportiva ou por actuacións que tiveran como consecuencia a privación da licenza, a suspensión da mesma por periodo superior seis meses ou a expulsión definitiva da competición.

#### CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓ DE DATOS TRIBUTARIOS OU OUTROS CUXA LEXISLACIÓ ESPECÍFICA REQUIRA O CONSENTIMENTO EXPRESO

A consulta dos documentos relacionados a continuación deberá ser obxecto de autorización expresa

No caso de que as persoas interesadas non marquen o recadro de autorización expresa, deberán achegar os certificados actualizados que acrediten estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social ou o Concello de Tui ou outra documentación cuxa comprobación non autorice.	<b>AUTORIZO A CONSULTA</b>	
	SI	NON
Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT e ATRIGA).		
Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións fronte á Seguridade Social		
Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións tributarias e demais ingresos de dereito público do Concello de Tui		

**No caso de opoñerse ou non poder o concello acceder á comprobación deberá presentar os correspondentes certificados.**

Se COMPROMETE a:

<input type="checkbox"/>	Cumprir as obrigacións e requisitos esixidos polas presentes bases, e a aportar a documentación esixida nas bases reguladoras, así como a requeremento do órgano instructor, a documentación acreditativa dos méritos e requisitos alegados.
--------------------------	--



5. INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS	
<b>RESPONSABLE DO TRATAMENTO:</b> CONCELLO DE TUI (P3605500B)	
<b>FINALIDADES DO TRATAMENTO:</b> A xestión necesaria para a asignación da beca descrita.	
<b>LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO:</b> O cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao Responsable (artigo 6.1,c do RXPd) e o exercicio de poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo 6.1,e do RXPd). O consentimento da persoa interesada o do seu representante (artigo, 6.1,a do RXPd e artigo 7.2 da LOPdGDD)	
<b>DESTINATARIOS DOS DATOS:</b> As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a xestión da súa solicitude;	
<b>PRAZO DE CONSERVACIÓN:</b> Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas obrigaóns legais do Responsable;	
<b>EXERCICIO DE DEREITOS:</b> As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos, a través da sede electrónica ou a Política de Privacidade do Concello de Tui.	
<b>CONTACTO DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS E INFORMACIÓN ADICIONAL:</b> Formulario de contacto del DPD en sede electrónica ou dpd@tui.gal	
E SOLICITA lle sea concedida a beca referida.	
En: _____, a _____ de _____ de 2026	
Fdo.: _____	
	

**SEGUNDO.** Unha vez aprobadas, autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2026/1/341. 481.03.01, polo importe máximo de 15.000€.

**TERCEIRO.** Ordenar a súa inserción na Base de Datos Nacional de Subvencións e no BOPPO da Deputación de Pontevedra.

**CUARTO.** Ordenar a súa publicación no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Tui, así como na páxina web do Concello de Tui ([www.tui.gal](http://www.tui.gal)).

E para que así conste, aos efectos oportunos e coas salvedades e advertencias establecidas no artigo 206 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, emito a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Tui.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

